

# ADAPTACIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEIP MONTE DOS POSTES

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

### 1. XUSTIFICACIÓN

### 2. ACTUACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PXAD

- A. Actuacións xerais
- B. Programas de intervención con alumnado neae

---

### XUSTIFICACIÓN

Pola situación de confinamento actual que conleva o cese das actividades lectivas presenciais, o DO continúa coas actividades previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, adaptándoas á nova realidade , poñendo especial coidado na atención ao alumnado con necesidades específicas de atención educativa. Así mesmo, tratamos de apoiar ás familias nun dobre obxectivo: educación académica e xestión emocional do alumnado . Neste momento de confinamento debe ser prioritario fortalecer o vínculo afectivo, o sentimento de pertenza á escola, especialmente para o alumnado máis vulnerable que pode perder a motivación e sentirse desasistido. En evitar estas situacións céntranse as actuacións do Departamento de Orientación.

### ACTUACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PXAD

#### A. ACTUACIÓNS XERAIS

1. Priorización de actuacións:
  - 1.1 Localización do alumnado desconectado ou ilocalizable para tratar de restaurar o vínculo escolar.
  - 1.2 Identificación do alumnado que carece de medios dixitais ou aqueles nos que a competencia dixital non é suficiente para seguir as aprendizaxes. Proporcionanse outras canles para a realización das tarefas, que se entregan en soporte papel e son recollidas no centro educativo.
2. Continuar coas reunións semanais do DO por videoconferencia Coordinación co profesorado tutor.
3. O Departamento de Orientación segue colaborando con servizos externos, institucións ou entidades que prestan axuda educativa e/ou asistencial ao noso alumnado e ás familias que o precisan (Cruz Vermella, Proinfancia, Aldeas Infantiles, Servizos Sociais, Secretariado Xitano...)

4. Colaboración co Equipo de Orientación Específico na realización de ditames de escolarización.

## B. PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN CON ALUMNADO NEAE

As mestras de PT e AL continúan co desenvolvemento dos programas de intervención para o alumnado con neae adaptándose á nova situación. Están en contacto directo coas familias e co alumnado través do correo electrónico, teléfono, videoconferencia, aula virtual ...e cando non é posible a docencia por medios dixitais, recórrase á impresión das tarefas en papel.

As variacións máis salientables son as referidas á metodoloxía, que debe ter en conta:

- Non saturación de tarefas. Coordinación cos titores.
- Proposta de actividades que garantan no posible a autonomía no traballo.
- Favorecer a autoavaliación, aportando tarefas e exercicios con solucións.
- Garantir a consulta de dúbidas.
- Procurar retroalimentación nas comunicacións.
- Propoñer actividades que permitan ademáis do reforzo de contidos, recoñecer e expresar as súas emocións.
- Considerar que os alumnos deben disfrutar tamén de momentos de ocio e das relacións familiares.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACION (CEIP MONTE DOS POSTES)

Contacto: [ceip.monte.postes@edu.xunta.es](mailto:ceip.monte.postes@edu.xunta.es)  
[isolinapombo@edu.xunta.es](mailto:isolinapombo@edu.xunta.es)

